

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 6 DE MAIO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día seis de maio de 2026, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D. JORGE BUSTOS ATANASIO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do 25 de marzo, 1, 8, 15 e 22 de abril de 2026.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación da contratación de patrocinio publicitario co club baloncesto Breogán Sad para os anos 2026, 2027 e 2028. Exp rf: 2026/C005/000002.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da organización e desenvolvemento do evento cultural “Europa somos todos/as”, co gallo da celebración do día de Europa (9 de maio de 2026). Exp ref: 2026/C003/000005.

2. FOMENTO.- Acórdase solicitar a adhesión ao convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, e Seaga, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

3. PERSOAL.- Acórdase a convalidación do gasto relativo á liquidación da reclamación de débeda efectuada pola Seguridade Social.

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

4. URBANISMO.- Acórdase a de aprobación inicial do expediente de expropiación forzosa, polo procedemento de taxación conxunta, dos bens e dereitos que se necesitan ocupar para a execución do polígono G de Paradaí, correspondentes aos propietarios que non se incorporaron á xunta de compensación.

Tamén se acorda a aprobación definitiva do proxecto de urbanización do sector de solo urbanizable delimitado S-16.R.

Do mesmo xeito acórdase a aprobación inicial do estudo de detalle para agregación das parcelas sitas na ronda da Muralla núm. 12 e 13 de Lugo.

5. DEPORTES.- Acórdase a toma de coñecemento da omisión da función interventora de facturas de Cruz Roja Española relativas a servizos preventivos realizados por técnicos sanitarios (ambulancias) en distintos eventos deportivos.

Fóra da orde do día

- Contratación da subministración de un dumper de obra para o recinto do cemiterio de San Froilán. Aprobación do prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e apertura do procedemento aberto simplificado. Exp. Ref. 2026/C004/000010.

- Atribución temporal de funcións como Cabo-Bombero do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios a un Bombero Conductor desete Concello.

- Contratación da realización de actividades extraescolares nos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Lugo. Adxudicación.

- Solicitud de prorrogas relativo ao acordo número 34 da Comisión Bilateral celebrada o 6 de xuño de 2023, entorno residencial de rehabilitación programada do casco histórico de Lugo. Fase XVII, no Concello de Lugo, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e resiliencia- Financiado pola Unión Europea- Nextgenerationeu na comunidade autónoma de Galicia.

- Omisión da funcións interventora anticipo de caixa fixa correspondente ó mes de

febreiro de 2026.

- Contratación da subministración de dotación técnica e servizos asociados para a execución de espectáculos e actividade no Auditorio Gustavo Freire. Adxudicación.
- Aprobación bases de selección do persoal directivo, docentes e alumnado traballador do obradoiro de emprego "Officium curantis". Delegación de competencia.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.